



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Número 484
6 de xuño de 2019



CSV: BOPGDSPGMjwyJK167

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Designación da Ponencia

■ 48795 (10/PL-000014)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de administración dixital de Galicia

[162469](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Retirada iniciativa en comisión

■ 30862 (10/PNC-002485)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución das partidas orzamentarias destinadas para o ano 2018 á atención da dependencia e aos servizos sociais de atención ás persoas maiores, o progresivo avellentamento da poboación e as súas consecuencias, así como o acceso e os prazos de concesión das axudas

[162470](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

■ 48682 (10/PNC-003932)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xogo da billarda

[162471](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 47264 (10/PNC-003814)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación dos grupos de emerxencias supramunicipais de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga, así como da Montaña Lucense

[162471](#)



I 48962 (10/PNC-003954)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e dous deputados/as máis**Sobre a mellora por parte do Goberno galego do grao de cumprimento da súa planificación normativa [162471](#)**COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO****Aprobación por unanimidade con modificacións****I 49126 (10/PNC-003968)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputadas/os máis**Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización e perda de postos de traballo da empresa Iberdrola na comarca de Valdeorras [162471](#)**I 49407 (10/PNC-004001)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Romero Fernández, Cristina Isabel e seis deputadas/os máis**Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun órgano colexiado de carácter consultivo e participativo entre a Administración autonómica e as entidades locais, co fin de procurar a máxima coordinación, cooperación e participación nas materias que afecten a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias [162472](#)**I 49802 (10/PNC-004033)****Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**Sobre as demandas que debe realizar Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica en relación coa creación da tarifa de acceso regulado á enerxía nuclear e hidráulica histórica [162472](#)**Rexeitamento das iniciativas****I 46301 (10/PNC-003720)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputadas/os máis**Sobre a remisión por parte do Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun informe respecto dos resultados do Programa bono emprego automoción, así como de todas as axudas e subvencións concedidas ao sector na X lexislatura [162473](#)**I 47313 (10/PNC-003820)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel**Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para diminuír os custos das melloras na subministración de enerxía eléctrica para as pemes agrogandeiras [162473](#)

I 47336 (10/PNC-003823)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e cinco deputadas/os máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e rehabilitación do Camiño Norte a Santiago de Compostela, así como o mantemento da súa consideración como patrimonio da humanidade [162473](#)

I 49258 (10/PNC-003983)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a elaboración por parte da Axencia de Turismo de Galicia dun estudo do impacto socioeconómico dos aloxamentos vacacionais en Galicia e das súas repercusións nos demais sectores [162473](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

I Sesión plenaria (día 11 de xuño de 2019, ás 10.00 horas) [162474](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

I Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 4 de xuño de 2019, polo que se declara deserta a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia [162479](#)



A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 4 de xuño de 2019, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Designación da Ponencia

- 48795 (10/PL-000014)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de administración dixital de Galicia
BOPG nº 458, do 09.04.2019

G.P. Popular de Galicia:

Dª Sandra Vázquez Domínguez (titular)
D. Jacobo Moreira Ferro (suplente)

G.P. de En Marea:

Dª Carmen Santos Queiruga (titular)
D. Luís Villares Naveira (suplente)

G.P. dos Socialistas de Galicia:

D. Juan Manuel Díaz Villoslada (titular)
Dª Patricia Vilán Lorenzo (suplente)

G.P. do Bloque Nacionalista Galego:

D. Xosé Luís Bará Torres (titular)
Dª Olalla Rodil Fernández (suplente)

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 4 de xuño de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Retirada iniciativa en comisión

- 30862 (10/PNC-002485)

Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución das partidas orzamentarias destinadas para o ano 2018 á atención da dependencia e aos servizos sociais de atención ás persoas maiores, o progresivo avellentamento da poboación e as súas consecuencias, así como o acceso e os prazos de concesión das axudas BOPG nº 309, do 23.05.2018

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 48682 (10/PNC-003932)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xogo da billarda BOPG nº 458, do 09.04.2019

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Recoñecer a billarda como modalidade deportiva.
2. Abrir un proceso de diálogo coas entidades que traballan no eido dos deportes tradicionais para avaliar a posibilidade de crear una Federación Galega de Deportes Autóctonos.
3. Desenvolver un programa de divulgación e expansión da billarda no ámbito educativo e no conxunto da sociedade. Para tal fin, estender a toda Galicia o módulo creado pola Secretaría Xeral de Deportes (dentro do programa XOGADE), difundido pola Consellería de Educación no ámbito da Delegación de Pontevedra, de divulgación do xogo da billarda no ámbito escolar.



4. Fomentar e apoiar as competicións de billarda que se desenvolven en Galicia, así como o intercambio con outros países.

5. Incluír os espazos para o xogo da billarda no Plan de Infraestruturas Deportivas de Galiza.»

Rexeitamento da iniciativa

- 47264 (10/PNC-003814)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación dos grupos de emerxencias supramunicipais de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga, así como da Montaña lucense BOPG nº 444, do 13.03.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 1 abstencións.

- 48962 (10/PNC-003954)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a mellora por parte do Goberno galego do grao de cumprimento da súa planificación normativa BOPG nº 463, do 17.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 5 de xuño de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 49126 (10/PNC-003968)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputadas/os máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización e perda de postos de traballo da empresa Iberdrola na comarca de Valdeorras

BOPG nº 465, do 23.04.2019

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:



«O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galicia a:

1. Expresar o seu compromiso con defender o mantemento dos postos de traballo de Iberdrola na Comarca de Valdeorras así como no resto de Galicia como compensación do impacto social que ten a produción enerxética no noso país.
2. Manter o diálogo e colaboración cos concellos das comarcas de Valdeorras e Trives e calquera outra institución galega comprometida nestes obxectivos.
3. Dirixirse á dirección de Iberdrola para esixirlle o mantemento dos postos de traballo e o freo ao progresivo desmantelamento dos servizos no territorio galego.»

- 49407 (10/PNC-004001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e seis deputadas/os máis

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun órgano colexiado de carácter consultivo e participativo entre a Administración autonómica e as entidades locais, co fin de procurar a máxima coordinación, cooperación e participación nas materias que afecten a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias

BOPG nº 470, do 30.04.2019

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a crear un órgano colexiado de carácter consultivo e participativo entre a Administración autonómica e as entidades locais da comunidade co obxectivo de procurar a máxima coordinación, cooperación e participación nas materias que afecten a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, desenvolvendo a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral ás persoas consumidoras e usuarias especialmente no referido nos artigos 54, 71.5, 72 e 73.»

- 49802 (10/PNC-004033)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as demandas que debe realizar Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica en relación coa creación da tarifa de acceso regulado á enerxía nuclear e hidráulica histórica

BOPG nº 476, do 14.05.2019

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno central, concretamente ao Ministerio de Transición Ecolóxica, que no marco da reforma do sector eléctrico se avalíe o desen-



volveremento normativo dunha nova tarifa de acceso regulado a enerxía nuclear e hidráulica histórica, o que permitiría establecer tarifas a prezo fixo e o desenvolvemento de contratos a longo prazo.»

Rexeitamento das iniciativas

- 46301 (10/PNC-003720)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputadas/os máis

Sobre a remisión por parte do Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun informe respecto dos resultados do Programa bono emprego automoción, así como de todas as axudas e subvencións concedidas ao sector na X lexislatura

BOPG nº 434, do 20.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 47313 (10/PNC-003820)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para diminuír os custos das melloras na subministración de enerxía eléctrica para as pemes agrogandeiras

BOPG nº 444, do 13.03.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 47336 (10/PNC-003823)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e cinco deputadas/os máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e rehabilitación do Camiño Norte a Santiago de Compostela, así como o mantemento da súa consideración como patrimonio da humanidade

BOPG nº 444, do 13.03.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 49258 (10/PNC-003983)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a elaboración por parte da Axencia de Turismo de Galicia dun estudo do impacto socioeconómico dos aloxamentos vacacionais en Galicia e das súas repercusións nos demais sectores

BOPG nº 470, do 30.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 11 de xuño de 2019, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 4 de xuño de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña (doc. núm. 48166)

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, para a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias na contratación de préstamos e créditos hipotecarios en Galicia (doc. núm. 32346, 10/PPL-000025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 322, do 19.06.2018

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (doc. núm. 47807, 10/PPL-000036)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 02.04.2019

Punto 3. Comparecencia

50470 (10/PPP-000101)

Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da planificación da Xunta de cara a continuar avanzando no reto dunha adecuada xestión do ciclo integral da auga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

Punto 4. Moción

50408 (10/MOC-000147)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público. (Moción consecuencia da Interpelación nº 46794, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.05.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019



Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 32252 (10/PNP-002425)

Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018

5.2 39974 (10/PNP-002986)

Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

5.3 43898 (10/PNP-003267)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis

Sobre o impulso ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos destinados a mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

5.4 47514 (10/PNP-003593)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e doce deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza da inclusión, na proposta de creación de novos xulgados para Galicia en 2019, dun xulgado do social para a cidade de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

5.5 49281 (10/PNP-003732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

5.6 49347 (10/PNP-003738)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do primeiro período de sesións de 2019, do procedemento deseñado para avaliar a implantación da Rede galega de dinamización da formación profesional dual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019



5.7 49484 (10/PNP-003748)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 07.05.2019

5.8 49983 (10/PNP-003784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público e a posición do Parlamento de Galicia respecto do seu uso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

Punto 6. Interpelacións

6.1 8786 (10/INT-000373)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as listas de espera non estruturais do Sergas e a política de persoal da Consellería de Sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

6.2 43360 (10/INT-001431)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de seguridade viaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

6.3 48288 (10/INT-001597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 03.04.2019

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 50473 (10/POPX-000151)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo ou as previstas polo Goberno galego diante da nova situación de Ferroatlántica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

7.2 50492 (10/POPX-000152)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén



Sobre a crise industrial existente en Galicia, que pon centos de empregos en risco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

7.3 50494 (10/POPX-000153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o impulso polo Goberno galego, coa debida dilixencia, da actividade institucional da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.148770 (10/POP-005826)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da institución do xurado popular reflectida no artigo 125 da Constitución española de 1978

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

8.2 50486 (10/PUP-000252)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación do proxecto da circunvalación de Carballo no ano 2019 co fin de iniciar as obras no ano 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

8.3 47343 (10/POP-005647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e dous deputados/as máis

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia á empresa Ferroatlántica da presentación dun plan de viabilidade que garanta a súa actividade de ferroalixes, segundo se desprende da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 9 de maio de 1996

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 13.03.2019

8.4 49961 (10/POP-005934)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as razóns da demora na designación dun presidente ou dunha presidenta para o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

8.5 49498 (10/POP-005897)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis

Sobre as obras de conservación executadas nos dous últimos anos na muralla romana de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 07.05.2019



8.6 44092 (10/POP-005272)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis

Sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos ao cumprimento do Decreto 105/2017, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de espera no acceso ás prestacións sanitarias públicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

8.7 50005 (10/POP-005939)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre o pechamento de camas hospitalarias durante os meses de verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

8.8 50489 (10/PUP-000253)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e catro deputados/as máis

Sobre a fase na que se atopan os procesos de negociación e resolución de conflitos cos distintos integrantes do sector das emerxencias sanitarias de Galicia

8.9 48503 (10/POP-005794)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego referida á axuda económica do Bono Concilia para que aquelas familias que teñan dereito a unha praza pública nunha escola infantil e non accedesen a ela poidan levar os seus fillos a outro centro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

8.10 49419 (10/POP-005889)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a modificación das condicións salariais do persoal pola empresa concesionaria do servizo de salvamento marítimo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 4 de xuño de 2019, polo que se declara deserta a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia

Entre as medidas de planificación dos recursos humanos para o ano 2018 acordadas en Mesa de Negociación e aprobadas pola Mesa do Parlamento de Galicia na súa reunión do 28 de xaneiro de 2019, incluíase a provisión dunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia.

En cumprimento do artigo 39.1 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 8 de abril de 2019, adoptou o acordo de aprobar a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia e as bases reguladoras do procedemento de selección.

Esta convocatoria e as súas bases foron publicadas no BOPG número 462, do 16 de abril de 2019, e no DOG núm. 84, do 3 de maio de 2019. O prazo para a presentación de solicitudes para participar no antedito proceso selectivo rematou o pasado 23 de maio de 2019.

Non se recibiu no Rexistro xeral do Parlamento ningunha solicitude de participación no proceso selectivo, nin se recibiu ningunha comunicación de que se presentaran solicitudes por algunha das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por todo iso e para darlle cumprimento ao artigo 39 apartado 1 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, adóptase o seguinte acordo:


1º. Declarar deserta a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia, aprobada polo acordo da Mesa da Cámara do 28 de xaneiro de 2019 (BOPG núm. 462, do 16 de abril de 2019 e DOG núm. 84 do 3 de maio de 2019).

2º. Requirir da unidade administrativa competente a elaboración das bases que rexerán o proceso selectivo para ingresar por quenda libre no dito corpo.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse, potestativamente, recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* ou directamente, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGMjwyJK167
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

